

BANDA DE MÚSICA "SEMENTEIRA" DE CAMBRE

A BANDA DE MÚSICA "SEMENTEIRA" DE CAMBRE fai a súa presentación oficial no Local "Os Juguetes de Cebre" o 27 de decembro de 1986, formada e dirixida polo recolectado mestre D. Francisco Rivas Andrade, desde a súa formación, ata o ano 2001. Baixo a súa batuta ofreciu numerosos concertos por toda Galicia, actuando tamén en Asturias, Valencia e Portugal, sendo destacable a súa participación no programa da TVG "Con Música Progre".

Unha banda de música formada inicialmente por mozos que comezaron aprendendo Lingüaxe Musical e instrumentos de Banda da propia Escola, grazas ao recolectado prestixio do cadro de profesores colaboradores; este comezo sentará as bases para que os alumnos fagan a carreira de música gañando difíciles oposicións a nivel rexional e nacional.

Bande o ano 1997 "Sementeira" organiza, xunto coa Concillería de Cultura do Concello de Cambre o "FESTIVAL DE BANDAS DE MÚSICA DE CAMBRE". Esta iniciativa ten unha boa acollida tanto entre a poboación como entre os componentes das bandas que ao longo destes anos se vén invitando, de aí que se mantén como unha cita anual no mes de agosto.

Na actualidade o número de compoñentes da Banda de Música "Santonara" do Cambre, Xuvenci e Titular, é de 90, e dende o ano 2001 segue actuando en numerosos concertos por toda Galicia dirixida por D. Francisco Javier Vidal Suárez, mestre solista da Banda Municipal da Coruña.

No ano 2004, organizado pola Área de Cultura e Benestar Social do Concello de Cambre, tivo lugar, con grande éxito de público dando lugar a moitas norabobas pola iniciativa o "1º CONCERTO DE MÚSICA VOCAL E INSTRUMENTAL", no que baixo a dirección de D. Francisco Javier Vidal Suárez, actuaron consistentemente a Banda de Música "Sementeira" do Cambre, a Coral de Santa María de Cambre, a Coral de Cebre, o Coro Parroquial de Sigüra, a Coral "O Airo" de Bribes e a mezzosoprano María José Ladra. Este proxecto repetíuse de novo no ano 2008, cos mesmos protagonistas e cun éxito se cabe maior.

Unha nova experiencia que xurdiu tamén no ano 2004 foi a celebración dos "CONCERTOS DIDÁCTICOS", onde os alumnos dos Colexios Públicos de Ensinanza Primaria de Cambre teñen a oportunidade de coñecer e escoitar máis de cerca todos os instrumentos que forman parte dunha Banda de Música e, considerando o valor pedagóxico que ten, decidíuse incluír esta actuación dentro das programadas anualmente pola Banda.


No ano 2005 fómase a BANDA SINFÓNICA, unha formación creada consistentemente coas Bandas de Música de Sada e Vilalba, que permite a posibilidade de gozar e manter unha convivencia musical moi agradable cos demais membros da agrupación, formada por máis de cen músicos. Tamén

no ano 2005 produciuse o nacemento da XOVE Banda de Música "Sementeira" do Cambre, agrupación paralela á Banda Titular, e que serve como iniciación do músico nun conxunto, aprendendo a familiarizarse máis co escenario e a actuar en grupo, para logo, dar o salto á propia Banda de Música "Sementeira" do Cambre.

No ano 2011 créase a BANDA INFANTIL, formada por alumnos de 1º, 2º e 3º cursos.

Aí anualmente se vén organizando concertos extraordinarios, fóra do programa habitual da Banda de Música no Concello de Cambre, como son o "CONCERTO DE DIRECTORES", "CONCERTO CON REPRESENTACIÓN MUSICO TEATRAL; Puer Gyn", "CONCERTO DE SOLISTAS", "CONCERTO DE MÚSICAIS", "CONCERTO DE MÚSICA SINFÓNICA PARA BANDA", "CONCERTO DE MÚSICA CLÁSICA", "CONCERTO DE BANDAS SÓLIDAS", "CONCERTO HOMENAXE A PUCHO BOEDO e PRUDENCIO ROMÁN", "CONCERTO DE FADOS PORTUGUESES" e numerosos proxectos de futuro orzamañe inéditos.

Outra das actividades que se vén levando a cabo nos últimos anos son os CONCERTOS DE ALUMNOS, celebrados dúas veces no curso e nos que os rapaces e rapazas da escola toman contacto co escenario e valoran realmente a actividade musical na que se están a formar. Tamén se realizan os VENRES MUSICAIS, onde os alumnos coñecen todas as familias de instrumentos e o seu funcionamento. Estes concertos son unha ampliación das diversas audicións que se realizan ao longo de todo o curso nas diferentes disciplinas



CURRÍCULUM DIRECTOR

Francisco Javier Vidal Suárez

Nace en Arcade (Pontevedra) en 1968. Comeza os seus estudos musicais co seu pai, estudos que continuará oficialmente nos conservatorios de A Coruña e Vigo, sendo neste último onde acadou o título de mestre de clarinete con brillantes cualificacións, "Madrícula de Honor" no Grao Medio, e no Grao Superior consegue por unanimidade o "Premio de Honor Fin de Carrera".

No ano 1985 ingresa por oposición na (JOHDE) JOVEN ORQUESTA NACIONAL DE ESPAÑA, sendo o primeiro galego en formar parte dela. É nesta agrupación onde realiza un intenso labor na música sinfónica, traballo orquestral e música de cámara.

An mesmo tempo perfeccionase con pedagogos e instrumentistas de recolectado prestixio como Antony Pay (Reino Unido), Walter Boskovic (Bélgica), J.E. Llana (España), Chris-

tin Ludquist (USA), Anton Weinberg (Canadá), Geraldine Allen (Reino Unido), e outros.

Coa JOHDE realizou concertos por toda España, actuando en Auditorios coma o "TEATRO REAL" de Madrid, "AUDITORIO MANUEL DE FALLA" e "PALACIO CARLOS V" en Granada, "PALAU DA MÚSICA" en Valencia, "TEATRO ARRABAGA" en Bilbaína, "PALAU DA MÚSICA" en Barcelona, e o "NUEVO AUDITORIO NACIONAL" de Madrid, entre os máis importantes, ademais de actuar nos melhores teatros e auditorios das cidades máis relevantes de países coma Bélxica, Hungría e a antiga U.R.S.S.

Formou parte de numerosas agrupacións camerísticas como o Quinteto de Vento "Scherzo" de Arcade, do cal foi fundador; dúo de clarinete-piano "Alvin"; dúo clarinete-piano "Scherzo"; Grupo de cámara "Stravinsky" formado por antigos integrantes da JOHDE; "Grupo de cámara de clarinetes

de Vigo" e "Orquestra de Cámara de clarinetes de Beade" (Vigo), de cal foi director.

No campo orquestral foi membro da "Orquestra de Cámara do conservatorio de Vigo", clarinete solista da "Orquestra Municipal de A Coruña", tendo actuado como concertista en numerosas ocasións; Colaborou con "Orquestra Sinfónica de Euzadi", con "Orquestra Sinfónica de Galicia" e coa "Real Filharmonía de Galicia".

Foi director da "Banda de Música Municipal de Viveiro" dende o ano 1994 ata o 2006, banda con que realizou multitude de proxectos musicais como, e entre outros, a creación da "Banda Sinfónica das Rías Altas", formada por músicos das distintas bandas da Mariña Luense e o norte da Coruña, e de cal foi director dende a súa creación en 1978.

Na actualidade forma parte do cadro de mestres da Banda de Música Municipal de A Coruña dende 1989 sendo clarinete solista, actividade que compaxina cun intenso labor pedagóxico en diversos centros de ensinanza musical en Galicia coma a do "Conservatorio de Grao Medio do Colexio Obradoiro" e a Escola de Música "Sementeira" do Cambre, ademais dun importante traballo de música de cámara con grupos como o quinteto de vento "Coruña Quintet" e o cuarteto de clarinetes "Divertimento", formacións coas que percorre a xeografía galega ofrecendo recitais, así como levando a dirección da BANDA DE MÚSICA "SEMENTEIRA" DE CAMBRE, e as outras formacións paralelas, como son a Banda Infantil, Banda Xuvenci e Big Band.

Tamén realizou no ano 2004 un Máster en Interpretación do clarinete na Universidade de A Coruña cos mestres J. Luis Estalés, Michel Lezhnev, Antony Pay, Henry Bok, Hans Deizer e Meloni.

XVII festival de bandas de música de cambre

sábado, 23 de agosto de 2014, 20:00 h
Auditorio do Parque da Igrexa de Cambre

BANDA DE MÚSICA DE SALGEDA DE CARBALLA
César Núñez Pérez, director

BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DE RIBADEO
David Ballester Martínez, director

BANDA DE MÚSICA "SEMENTEIRA" DE CAMBRE
Francisco Javier Vidal Suárez, director

Promoción
LUCHO LUCHINO

ORGANIZAN




PROGRAMA

- MUSICA I POBLE - Ferrer Ferrán
- SYMPHONIC OVERTURE - James Barnes
- SINFONIETTA Nº 3 - Phillip Sparke

1. PROMENADE
2. BALLAD
3. INTERLUDE
4. SCHERZO

BANDA DE MÚSICA CULTURAL DE SALCEDA DE CASELAS



Salceda de Caselas posúe unha larga tradición, máis que centenaria, en bandas de música que se remontan ó ano 1892, ano da fundación da primitiva Banda. Tras varios altibaxos, a irrupción da Guerra Civil provoca, tal e como sucede coa maior parte das agrupacións populares do país, a súa desaparición.

A actual banda de música nace como idea de Rogelio Ojea que, xunto coa axuda de antigos membros como Justo González, imparten clases de solfeo e ino- trumentos coa ilusión e o obxectivo de que Salceda conte coa nova cunha banda de música. De esta forma, arredor da festividade de Santa Cécila do ano 1982, surde a actual formación.

En decembro de 1985, Rogelio Ojea cede a dirección da banda a Dello Reppes, quen a abandona en novembro de 1988, facéndose cargo entón da dirección Julio César Mariñas Iglesias. O seguinte ciclo comeza en novembro de 1991 cando a batuta pasa a mans de Miguel Aguilar Alfonso, quen permanece ata o ano 1996, pasando a sucederlle Francisco Pérez Rodríguez. Tras a marcha deste, en maio de 2004, accede á dirección da

banda José Ángel Presa Carrera que permanece ata o 2005, ano no que se inicia unha nova etapa con Astorío Leiva Piñero. En outubro de 2008 cóllese a batuta da Banda José Varela Parde, cadendo o posto a César Núñez en novembro de 2013.

Dende a fundación da nova banda, sucedense actuacións por toda a xeografía galega e norte de Portugal, mentres a banda vai medrando en calidade e prestixio. Neste período cabe destacar, entre outros, unha serie de eventos tales como:

- Intercambio cultural con Ador (Valencia) e Padul (Granada)
- Xira por Sudamérica con actuacións en Bos Aires e Mar de Plata en Arxentina; Niteroi e Rio de Xaneiro en Brasil.
- Edición do seu primeiro disco "Vivace" no ano 1997
- Invitación ás festas de interese turístico nacional en Vilafranca del Penedès (Barcelona) e Aranda de Duero (Burgos)
- Edición do seu segundo disco en 2007 "20 anos de Banda de Música"
- Publicación do libro conmemorativo do 25 aniversario "Salceda en festa. Historia das bandas de música de Salceda"
- Publicación do disco "25 aniversario: 1986-2011"
- No referente ós galardóns máis importantes obtidos cabe destacar:
 - 1996: Finalista no II CERTAMEN GALEGO DE BANDAS DE MÚSICA organizado pola Consellería de Cultura da Xunta e o RTVG.
 - 2000: Primeiro premio especial no II CERTAMEN INTERNACIONAL DE BANDAS DE MÚSICA CIUDADELLA (VALENCIA)
 - Primeiro premio no I CERTAMEN INTERNACIONAL DE BANDAS DE MÚSICA "VILLA DE ARANDA" DE ARANDA DE DUERO (BURGOS)
 - 2001: Primeiro premio no I CERTAMEN PROVINCIAL DE BANDAS DE MÚSICA "DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA" (Sección segunda)

- 2002: Segundo premio no II CERTAMEN PROVINCIAL DE BANDAS DE MÚSICA "DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA" (Sección Primeira)
 - 2006: Primeiro premio e Mención de Honor no VI CERTAMEN PROVINCIAL DE BANDAS DE MÚSICA "DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA" (Sección Primeira) e premio "Manuel Quiroga" ó mellor director.
 - 2008: Primeiro premio no I CONCURSO ZONAL DE BANDAS DE MÚSICA "ZONA SUR" da Deputación de Pontevedra (Sección Primeira).
 - 2008: Primeiro premio no IX CERTAMEN INTERNACIONAL DE BANDAS DE MÚSICA "VILLA DE ARANDA" DE ARANDA DE DUERO (BURGOS) no que participaron as Bandas gañadoras dos anos anteriores.
 - 2009: Primeiro premio no II CONCURSO ZONAL DE BANDAS DE MÚSICA "ZONA SUR" da Deputación de Pontevedra (Sección Primeira).
 - 2010: Segundo premio no IV CERTAME GALEGO DE BANDAS DE MÚSICA (Sección Primeira).
 - 2013: Segundo Premio no VI CERTAME Internacional Villa de Dosbarrios (Tóledo).
- A Banda de Música Cultural de Salceda de Caselas posúe Escola de Música propia con máis de 200 alumnos, distintas agrupacións camerísticas, grupo de ventometais e Banda Xuvenil da Escola de Música. Cabe destacar a organización por parte da Asociación Amigos e Amigas da Música e da Escola de Música, do curso internacional Semana Musical de Salceda de Caselas dende o ano 2005, contando coa asistencia de profesores de gran renome internacional e ó que acoden alumnos de diversas partes do mundo. Algun dos profesores que acudiron nas pasadas edicións son os trombones Scott Hartman, Ingemar Roos, James Markey e Kotchiro Yamamoto; os tubistas Jens Björn Larsen, Alan Baer e Gene Pokorny, Rex Martin, ó trompetista Allen Vizzutti ou os clarinetistas Yehuda Gilad e Vicent Alberola, entre outros.

de Pedagogía e Prácticas do Profesorado no Conservatorio Superior de Música de Madrid co mestre D. Miguel Molero.

Realiza cursos de especialización de tuba con mestres de gran renome a nivel internacional, como son: Sam Philipian, Vicente López, Mat Culbertson, David Larsen, Harvey Phillips, Jon Bass, Jens Björn Larsen, Rex Martin, Alan Baer, José Manuel Pedondo, Gene Pokorny...

Ten colaborado como instrumentista con diferentes agrupacións musicais: Real Filarmónica de Galicia, Orquesta Pablo Sarasate de Pamplona, Banda Municipal de Ourense, Coruña e Ferrol.

No ano 2001 apróbase por oposición a plaza de tubista solista na Banda Municipal de Santarém. Dende setembro do 2009 ata outubro do 2013 foi tuba da Banda Municipal de Santiago de Compostela.

Como director estivo a cargo da Banda de Música Santa Cruz de Ribadulla, Banda Musical Lanheló (Portugal), Banda de Música do Conservatorio Profesional de Música de Ourense, Agrupación musical de Gafán e Banda Xuvenil de Xirón.

Realiza seminarios de dirección cos mestres Jan Cobor, Marcel Van Bree e José Vicente Egea. Foi Mestre de tuba na Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla, Conservatorio Profesional Xan Vianeo de Ferrol, Ourense e Santiago de Compostela.



César Núñez Pérez nace en Salceda de Caselas no ano 1978, onde comeza os seus estudos musicais de man de D. Justo González e posteriormente na Escola de Música da Banda Cultural de Salceda de Caselas con D. Adolfo Bézada. Continuando os seus estudos de tuba no Conservatorio de Música Superior de Vigo, onde obtén o título superior de tuba no ano 2002 co mestre D. Eduardo Hogueiroles. Tamén posúe o curso


CURRÍCULUM DIRECTOR

César Núñez Pérez

PROGRAMA

- DOLORES PEDRO - Antonio Sánchez Pedro
- PERSIS (OVERTURE) - James L. Hosey
- ESTRASANTICO (SUITE GALEGA) - Simón Couceiro
 - I° Albórada
 - II° Cantaruxa
 - III° Muífeira

BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DE RIBADEO



A Banda de Música Municipal de Ribadeo, promovida pola sección "Amadores da Música" (hoje en convenio permanente co Concello, polo que leva tamén o nome de Municipal), fíxo a súa presentación pública en concerto, o 7 de Xaneiro de 1992 perante máis de un milleiro de persoas que abarrotaron o Templo Parroquial.

Da man do mestre D. Hernán Naval Parapar ten tocado nas principais cidades da Galicia nos teatros Colón e Rosalía de Castro de A Coruña, na Praza de Quintana de Santiago, no Circulo das Artes de Lugo, na Catedral de Ferrol, etc.), e no exterior ten tocado en Madrid (La Vaguada, Hotel Foxá e Praza Mayor), Barcelona (Plaza Provençals e Praza Real), Murcia, Oviedo (representando a Galiza no Festival Estatal de Bandas celebrado no Teatro Campoamor), Aranda (Auditorio Isabel de Farneso) e tamén ten actuado en Portugal (Loures, Lisboa e Tomar). Tamén ten actuado en varias ocasións e feito gravacións para RTVG e na TVE.

A BMMR dende o seu nacemento tivo un carácter educativo, tanto para o público como para propia Banda e rompuu cos alicerces dos clásicos e pasáronse como único horizonte das bandas de música populares. Abriu un camiño e un estilo propio que enseguita foi adoptado por outras Bandas.

A finais de 1997, editou un primeiro CD realizado parcialmente en directo no que participou o pianista cubano Antonio Quintia de interacción ó "Anchura Splanato y Gran Polonesa en Mi bemol mayor" de Chopin, acompañado pola propia Banda.

No ano 1991, un segundo CD estaba a súa presentación pública cando se produciu o pasamento de Hernán Naval. O proxecto quedou en suspenso e tivo que ser rematado uns meses despois baixo a dirección de Marcel van Bree.

A Banda pasou a ser dirixida puntualmente por Marcel van Bree e por Mariano Rivas. Previamente os dous anos seguintes, tomaron a batuta José Luis Álvarez Braña como coordinador e director en funcións, ata o 2009 foi dirixida por Lourenço F. da Silva.

Dende xullo de 2009 esta a ser dirixida por David Ballester Martínez, Peniza anualmente unha serie de concertos en Ribadeo, o xa tradicional de Nadal-Aninovo "Aquí como en Viena", e o Festival de Bandas.

Participou en 2007 no primeiro Certamen Nacional Vila de La Sóna, concurso no que obtivo o recoñecemento dos membros do xurado e do público en xeral.

No ano 2008 gravou nos estudos Hans de Coruña, a banda sonora da película que se rodara en Rinlo "Los muertos también deprimen".

No 2012 gravouse a obra "Da Capo" do compositor Juan Lois Diéguez que acompañou o libro "Da Capo", una historia real.

CURRÍCULUM DIRECTOR

David Ballester Martínez



Nace en Betanzos. A idade de novo anos ingresa na Escola de Música da súa vila natal, onde recibe leccións de José Pita e Antonio Cal. No ano 1992 ingresa no Conservatorio de Betanzos e alí será discípulo de Juan A. Cervero, clarinetista solista do OSG. No ano 1996 é admitido, mediante proba de acceso, no Conservatorio Profesional da Coruña e alí estuda con Carlos Casado. No 2003 ingresa no Conservatorio Superior da Coruña e comparte aulas con José M. Belló. Asistiu a cursos con profesores de gran prestixio como Guy Dupuis,

Michael Arrignon, Roy Loub, Walter Bosynovs, Jean Eric Lunas, Enrique Pérez Pigitar... Participou en diversas actividades formativas de Música de Cámara co catedrático Luis Rego e de Percusión Pedagóxica na Educación Musical con Enrique Muñoz. Tamén realizou cursos de dirección con Jan Cobor, J.R. Pascual-Vitalana e Norman Millános.

Foi profesor na Escola de Música de Ortigueira. Colaborou co OSG agravação para unha banda interna.

Foi membro do cuarteto de clarinetas Stadler e tamén da Banda Municipal de Betanzos. Foi moi parte do grupo de música de cámara Proyecto Cámara 2.07 e clarinetista solista na Banda Ferrol de Música. É docente reclamado para colaborar con agrupacións de diferentes puntos da nosa comunidade: Silceta, O Rosal, Montemorón, Santa Cruz de Ribadulla, Arzobispo...

Na actualidade exerce tamén como profesor de clarinete na Escola Municipal de Música e Danza de Ribadeo, e dirixe a Banda Municipal de Ribadeo dende o ano 2009.

PROGRAMA

- ¡MÚSICA MESTRES! - Juan Lois Diéguez
- RAPSODIA GALEGA Nº1 - Enrique García Rey
- ELISABETH - Sylvester Levay /Michael Kunze
Arr.: Johan de Meij